


Fruto do interese do Concello pola recuperación e posta en valor de camiños costeiros situados en espazos da REDE NATURA 2000, naceu a idea de recuperar estes camiños moi transitados hai uns anos e que estaban quedando en desuso. A actuación consistiu na mellora dos camiños mediante o acondicionamento dos mesmos, o que os fai transitables para os pedóns, e a elaboración de folletos divulgativos dos espazos naturais polos que discorren.



*Situados entre la península de Figueiroa y la Caleira de Sismundi, del Ayuntamiento de Cariño, provincia de la Coruña, "LOS CAMINOS DEL MAR", son una serie de 5 caminos que discurren en unos casos paralelos y en otros perpendiculares a la costa, y que nos ponen en contacto con la diversidad florística y faunística existente en nuestro ayuntamiento.*



Proxecto: Recuperación e posta en valor dos camiños costeiros da Ria de Cariño-Ortigueira incluídos dentro da REDE NATURA 2000, no Concello de Cariño (A Coruña).  
 Investimento: 8.569,30€ – Importe da axuda: 8.569,30€  
 Prazo de execución: 19 de decembro de 2014 para a anualidade do ano 2014 e do 15 de xuño de 2015 para a anualidade do ano 2015.  
 Axuda concedida ao abeiro da ORDE do 28 de xullo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2014 e 2015, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).



# OS CAMIÑOS DO MAR

· A CALEIRA E FIGUEIROA ·



Os camiños da Gándara e do Fondal atópanse no lugar de Figueiroa, na parroquia da Pedra deste Concello de Cariño. Os dous se atopan na ría de Ortigueira-Cariño e dicorren íntegramente pola Rede Natura 2000.

O camiño do Fondal sitúase na marxe Oeste da Ría de Cariño-Ortigueira. Parte do lugar do Fondal, ao longo deste atópase a fonte e lavadeiro do Fondal, e remata na marxe oeste da ría de Cariño-Ortigueira. O camiño conta con 1.000 m. de lonxitude e remata na zona intermareal do humidal.

O camiño da Gándara sitúase na marxe Oeste da Ría de Cariño-Ortigueira. Parte do lugar da Gándara e comunica co lugar de Figueiras transcorridos 600 m. O camiño discorre entre prados, terreos cultivados e masas arbóreas de loureiros e salgueiros, e remata nas proximidades dun pequeno areal orientado cara ao sur e coñecido como praia de Figueiras.

A importancia destes cinco camiños radica na súa situación, xa que están incluídos dentro da Ría de Cariño-Ortigueira que conta coas seguintes figuras de protección: Lugar de Importancia Comunitaria, Zona de Especial Protección das Aves, Zona Húmida de Importancia Internacional e Zona de especial protección dos valores naturais.

Estes espazos contan cunha gran variedade de hábitats, entre os que podemos atopar: zonas marinas costeiras, brezais, zonas arbustivas, bosques mixtos, ríos e estuarios sometidos á dinámica mareal, bancos de area ou de fango, bosques decíduos, dunas, praias de area, marismas salobres, prados salinos ou bosques de coníferas. Na ría de Cariño-Ortigueira-Ladrado, están inventariados 15 hábitats de interese comunitario, tres dos cales son hábitats prioritarios para a conservación.

#### PRINCIPAIS HÁBITATS PRESENTES NESTES ESPAZOS

A **marisma** é unha zona húmida pouco profunda e chan, na que a vexetación herbácea predomina sobre a arbórea, na que as excelentes oportunidades de ocultamento que proporciona a enmarañada vexetación e o solo anegado soen albergar una ampla variedade de aves, reptíles e roedores.

As marismas como outras zona húmidas, xéranse pola presenza dun solo relativamente impermeable e de escaso relevo. As marismas están formadas por unha mezcla homoxénea de limos, arxilas e areas, todos eles de orixe fluvial, mariño ou eólico. Nestas zonas a dinámica litoral está moi restrinxida, e polo tanto, trátase de medios caracterizados por unha baixa enerxía dos procesos erosivos predominando a sedimentación. De feito, as rías son en xeral trampas naturais para os materiais de erosión costeira, para os restos de organismos vivos e para os produtos de intervención humana nas costas.

A descarga fluvial nas rías xoga un papel importante no volume de sedimentos depositados. As chairas de lama que se forman nestes ambientes son a miúdo colonizadas por diversas plantas adaptadas a vivir nestos medios e unha importante representación faunística pode tamén alimentarse ás súas expensas.


Nas marismas, a agua queda estancada ou ben circula lentamente por canles constituindo o que coñecemos como marisma. As marxes que rodean as marismas son importantes desde o punto de vista botánico e constitúen o que se coñece como marxal.



## Camiños de Figueiroa

Camiño do Fondal

Camiño da Gándara



Camiño de Sandamil  
Camiño da Castiñeira  
Camiño de Esteiro

## Camiños da Caleira

As **praias** son unha das formacións costeiras do noso litoral, son zonas onde os depósitos sedimentarios quedan retidos, debido ao equilibrio que se establece entre os sedimentos, a mar e o vento. As areas que forman as praias poden vir dos ríos, da erosión da costa e incluso dos organismos que producen partes duras como cunchas ou caparazóns. Normalmente estes elementos están mezclados aínda que pode predominar un sobre o outro según a praia na que nos atopemos.

Durante os períodos de temporal a mar lanza a area cara a parte alta da praia. Cando o tempo mellora e os materiais soltos secan, os ventos frecuentes e de dirección constante, xunto coa disponibilidad da arena, provocan o movemento da area cara terra. Se no seu camiño se atopa cun obstáculo, a area vaise acumulando por sotavento (dirección cara a donde vai o vento) e comeza a formarse **unha duna ou unha alineación de dunas**. A súa altura estará en función da dirección do vento dominante e garda relación coa orientación que ten a praia. Si o espazo posterior á praia non ten relevos importantes, o vento fai que as dunas avancen terra adentro coincidindo co movemento do vento.

Cando as praias e as dunas crecen sen intervención antrópica, obsérvase unha zonación da vexetación desde a liña de pleamar cara ao litoral.

Na zona máis cercana á liña de pleamar, acumúlanse grandes cantidades de restos compostos maioritariamente de algas, caparazóns e cunchas. Dentro das especies que se encontran nesta zona abundan especies que poden soportar ben a alta concentración salina como *Honckenya peploides*, e plantas de la familia *Euphorbiaceae*, *Polygonum maritimum* e *Cakile maritima*.

As prantas que crecen á beira do mar, son as responsables de que detrás delas se acumulen certas cantidades de area e se formen as antedunas ou dunas embrionarias, que fácilmente desaparecen a causa dos temporais. Nestas dunas, a concentración de sales é menor que nas zonas cercanas ó mar. Nestas dunas aparece vexetación que presenta rizomas dun rápido crecemento, e provocan a fixación das dunas. Entre as especies que actúan como fixadoras de dunas destacan *Elytrigia juncea*, *Calystegia soldanella*, *Cyperus capitatus*, *Eryngium maritimum*. Este tipo de formacións dunares soen ser as únicas que aparecen en moitos lugares, pero en ocasións, a area aumenta de altura e forma un muro ao abrigo do cal progresan novas plantas e se amontoa máis area elevando o seu nivel e formando as chamadas dunas secundarias.

As **dunas secundarias** son dunas semifixas que, por ser menos activas que as anteriores, permite a fixación dun tipo de vexetación máis variado. Estas dunas atópanse máis lonxadas da mar que as dunas embrionarias



Os camiños de Sandamil, Esteiro e Castiñeira atópanse na parroquia da Pedra e aínda sendo moi curtos, especialmente o de Esteiro e da Castiñeira, atópanse nun entorno cultural e ambiental de gran importancia.

O camiño de Sandamil conta cuns 500 m. de longo e comeza ao carón do Pazo da Cerca, continuando paralelo á Caleira de Sismundi. Ao longo do seu percorrido, destaca a presenza de prados, terreos cultivados e masas arbóreas de loureiros e salgueiros. Tamén abundan as plantacións de maciñeiras. O camiño da Castiñeira, é un pequeno camiño que antigamente enlazaba co camiño de Sandamil, que discorre entre prados.

O camiño de Esteiro conta cunha lonxitude de 300 m., os cales discorren paralelos ao río Lourido, e remata na Ría de Cariño-Ortigueira, na zona coñecida como a Caleira de Sismundi. Destaca neste camiño, a presenza do muíño de Esteiro, que forma parte dun conxunto de 7 muíños situados ao longo do río Lourido.

e como consecuencia disto a concentración salina é menor o que favorece o desenvolvemento de especies menos especializadas, e tamén se aprecia un aumento da cuberta vexetal a medida que nos alonxamos da mar. Entre as especies que aparecen nestas dunas destacan *Ammophila arenaria*, *Othantus maritimus*, *Pan cratium maritimus*, *Euphorbia paralias*, *Malcomia littorea* y *Medicago maritima* entre outras.

Ao diminuír a forza do vento e ao abrigo que supoñen as dunas secundarias e a vexetación que soportan, redúcese ámpliamente a proporción de substrato areoso descuberto e aparecen as chamadas **dunas terciarias**. Entre as especies que se desenvolven nesta zona aparecen os musgos e os líques que forman un estrato basal criptógamo que lle dá á duna unha cor grisáceo. Dentro das especies que ocupan estas dunas aparecen algunhas que alcanzan durante algúns días porcentaxes de cobertura importantes e logran cambiar o aspecto da duna pasando a presentar cores moi vistosas, como é o caso da planta chamada *Rumex bucephalophorus*, que tapiza a duna dunha coloración vermella intensa.

#### A REDE NATURA 2000

Creada segundo a Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres.

Definición: É unha Rede ecoloxica de Espazos Naturais.

Obxectivo: Garantir a biodiversidade no territorio europeo dos Estados Membros mediante o mantemento do estado de conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres, ou o seu restablecemento a unhas condicións favorables, no seu caso.

Medidas: Crear unha Rede Europea de espazos naturais para conservar hábitats e especies.

Aplicar un Sistema Global de protección das especies na UE.

Espazos que a constitúen:

Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) e Zonas Especiais de Conservación (ZEC), e Zonas de Especial Protección das Aves (ZEPA).

